

18 de maio de 2020

1º Primaria

MATEMÁTICAS

Bo día chic@s! Como pasástedes a fin de semana? Espero que moi ben :)

Vamos a comezar o día cun pouco de mates! Hoxe veremos que as figuras teñen lados. Cantos lados ten un cadrado?? Vamos a comprobalo na páxina 112 e 113.

Para seguir coas mates, vamos a repasar as sumas de dúas filas. A continuación tedes unha ficha con varias sumas e os resultados.

<https://drive.google.com/open?id=1laFFRpc30-EXDFUNNEKPGglq3N6pAmwE>

Recordade enviarme os traballos e se tedes algunha dúbida :)

MÚSICA

OS MAIOS

Todos os anos, o un de maio, ten lugar a celebración da 'Festa dos Maíos'. Esta festa xurde para celebrar a morte do inverno e a chegada da primavera. Significa o reverdecer das plantas, o comezo do ano agrícola. Desfrútase con alegría o crecemento e floración da vexetación, creándose verdadeiras obras de arte con flores, froitas, herbas, ovos, etc. Nos municipios máis costeiros, a festa adquire todo o seu esplendor coas embarcacións engalanadas con estes mesmos motivos. A música non debe faltar durante as celebracións.

Mirade este enlace e prestade atención tanto as imaxes, nas que se ve con claridade o que vos acabo de contar, coma na música. Espero que vos guste!! <https://www.youtube.com/watch?v=UCZCm1q4Kwc>

Agora despois de ver tódalas imaxes anteriores.... ides facer o voso Maio pero no papel!! Agardo a vosa foto!!!!!!

Imos facer uns xogos musicais:

ü *Ecos rítmicos:*

<https://www.youtube.com/watch?v=4DH7rLCHNEI>

ü *Debuxa a clave de sol:*

<https://aprendomusica.com/const2/13dibujaclavesol/dibujaclavesol.html>

ü *Localiza o patrón rítmico:*

[https://youtu.be/rLV7G\]pVbs](https://youtu.be/rLV7G]pVbs)

Deixovos unha canción para que desfrutedes con ela..... a ver se me sabedes decir,.....

Que 3 instrumentos de vento aparecen na letra desta canción?

<https://www.youtube.com/watch?v=TCiMg7DeSXc>

Espero que pasárades un bo rato. Unha aperta para os meus artistas!!!

Espero o voso traballo na dirección de email..... profemartatrabada@gmail.com